



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 6 de maio de 2016
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 14. 45 h

ASISTENTES:

Don Manuel Fernández Munín
Don Jesús Sanjuás Mera
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato

No salón de sesións da casa do concello presidindo o concelleiro e primeiro tenente da alcaldía, don Manuel Fernández Munín, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria –interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Inicio expediente de reclamación por responsabilidade patrimonial do concello.**
- 3. Devolución cobros de actividades incluídas na Xanela de Outono 2015**
- 4. Licenzas urbanísticas**
- 5. Baixa licenza de vao permanente**
- 6. Alta no servizo de abastecemento e saneamento**
- 7. Adxudicación do xantar “Encontro de Maiores 2016”**
- 8. Inicio contratación obras 2016**
- 9. Aprobación de facturas**
- 10. Inicio da contratación “Actividades Campo de Traballo 2016”**
- 11. Solicitud subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a dotación de libros en galego.**
- 12. Solicitud subvención á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a promoción do uso da lingua galega**

13. Solicitude subvención a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a adxudicación de equipamento de emerxencias

14. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 21 de abril do 2016

2. Inicio expediente de reclamación por responsabilidade patrimonial do concello

Antecedentes

I. Con data 16 de febreiro do 2016, rexistro de entrada número 305, a avogada dona Olga Regueiro Darriba, presenta no concello unha reclamación de responsabilidade patrimonial da administración municipal, en base ós seguintes feitos:

1. Que o día 9 de novembro do presente ano (debemos entender de 2015, aínda que o escrito foi presentado o 16 de febreiro do 2016 e no citado escrito non se reflicte data), don Manuel xxxxx, circulaba en cadeira de rodas polo tramo da estrada denominado “O portal de Ferro”, no cal sufriu un accidente caendo da cadeira de rodas por unha pendente da estrada de Boqueixón.
2. Que a caída foi produto do mal estado de conservación do pavimento, da mala sinalización e da non existencia de beiravía.
3. Que como consecuencia deste accidente, don Manuel xxxxx sufriu danos físicos, dos cales tardou oito días para a súa curación.
4. En virtude do cal, solicita unha indemnización para don Manuel xxxxx, por danos e prexuízos causados, en accidente de circulación, de 40.260,10 €.

II. Con data 22 de marzo do 2016, rexistro de saída número 238, remíteselle a dona Olga Regueiro Darriba un escrito no cal se lle require que aporte a documentación que sinala como documento número 1 (parte médico), documento número 2 (reportaxe fotográfico do lugar do accidente) e documento número 3 (reportaxe fotográfica das feridas producidas).

III. Con data 6 de abril do 2016, rexistro de entrada número 638, recíbese no concello a documentación anteriormente citada.

IV. Con data 29 de abril do 2016 a técnica municipal, dona María Carmen Novoa Sío emite informe no cal se sinala que “*Con data do 19 de abril de 2016, realízase visita de comprobación ó lugar dos feitos, co obxecto de determinar o estado actual da vía municipal.*

*O tramo de vía municipal obxecto do presente informe localízase en solo rústico, non tratándose, polo tanto, dunha vía urbana, senón dun camiño veciñal. Consta dun **ancho medio de 4 m**, con cuneta de terra na súa marxe esquerda (dirección sur), de 1m de ancho e 0,5m de profundidade medias; así mesmo, consta dunha lixeira pendente descendente na dirección sur.*

O pavimento é de rego asfáltico, no que se observan as irregularidades propias deste tipo de afirmado, pero atopándose nun bo estado de conservación para este tipo de vías, a día de hoxe.”

Así mesmo, indica a técnica, nos antecedentes do informe, que: *“Non se indica de xeito inequívoco o lugar exacto da caída, nin tampouco se especifica o sentido da marcha da cadeira de rodas antes da caída, nin por qué bordo da vía se estaba a realizar dita marcha, polo cal determinados datos do informe poderán ser obxecto de emendas ou rectificacións posteriores”*.

A estes efectos acompáñase reportaxe fotográfica.

Consideracións xurídicas

1. Artigo 106.2 da Constitución Española “Os particulares, nos termos que establece a lei, terán dereito a ser indemnizados por toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

2. Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial, no seu artigo 2.1 establece que as Administracións Públicas recoñecerán o dereito á indemnización dos particulares nos termos previstos no Cap. I Título X da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas, polas lesións que sufran en calquera dos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos, agás nos casos de forza maior ou danos que o particular teña o deber xurídico de soportar.

No artigo 6, o citado RD 429/1993 sinala que “na reclamación deberanse especificar as lesións producidas, a presunta relación de causalidade entre estas e o funcionamento do servizo público....e irá acompañada de tódalas alegacións, documentos e informacións que se estimen oportunos e da proposición de proba, concretando os medios de que pretenda valerse o reclamante”.

3. O RDL 339/1990, de 2 de marzo, que aproba o texto articulado sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Vial , anexo I, considera peón: “Persoa que sen ser condutor, transite a pe polas vías ou terreos os que se refire o artigo 2.

Son tamén peóns aqueles que empurren ou arrastren un coche de neno ou de impedido ou calquera outro vehículo sen motor de pequenas dimensións,....os impedidos que circulen ao paso nunha cadeira de rodas con ou sen motor.”

O artigo 121.2.C) do citado RDL sinala que: “Sen embargo cando exista zona peonil , sempre que adopte as debidas precaucións, poderá circular polo beiravía ou, se este non existe ou non é transitable, pola calzada:

“O impedido que transite en cadeira de rodas con ou sen motor , a velocidade de paso humano”.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Iniciar o expediente para determinar, coñecer e comprobar os datos segundo os cales se deba pronunciar a resolución.

2. Nomear instrutora do expediente á funcionaria do concello dona Adela Lamela Arteaga.

3. Dar trámite de audiencia á interesada co fin de que nun prazo de 10 días hábiles poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

3.Devolución cobros de actividades incluídas na Xanela de Outono 2015

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 17 de setembro de 2015 aprobáronse as bases e os prezos das escolas culturais e deportivas 2015/2016.

Tendo en conta que algunhas persoas se inscribiron e por razóns xustificadas non puideron continuar na actividade, a Xunta de Goberno acorda:

1.- Devolver os importes que se especifican a continuación:

Nome e apelidos	Titular	Actividade	Motivo	Importe pagado	Importe a devolver
Sandra xxxxx	Sandra xxxxx	Pilates Ledesma	Baixa febr.	30 € (feb-mar)	15 € (marzo)
Mª Teresa xxxxx	Mª Teresa xxxxx	Inglés adultos	Non empeza	50 € (out-nov)	50 € (out-nov)
Mª Teresa xxxxx	Mª Teresa xxxxx	Pilates Codeso	Baixa feb.	30 € (feb-mar)	15 € (marzo)
Miguel xxxxx	Isabel xxxxx	Judo	Baixa feb.	30 € (feb-mar)	15 € (marzo)
Begoña xxxxx	Begoña xxxxx	Zumba ximnasio	Baixa en dec.	30 € (dec-xan)	15 € (xan.)

2.- Dar traslado deste acordo á Tesoureiría do concello para retirar estes importes e proceder á súa devolución.

4.Licenzas urbanísticas

Antecedentes:

Con data do 25/02/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/373, preséntase unha solicitude de licenza municipal de obras, para a demolición dunha edificación existente, e construción dunha nave industrial, destinada a taller metálico e de reparación de vehículos, e maquinaria agrícola, situada urbanísticamente en Solo Urbano Consolidado; Zona 6: Industrial / Comercial; emprazada no lugar de Camporrapado, na parroquia de Oural, a nome de Talleres González, S.L., con CIF nº.: xxxxx, en base ao proxecto técnico básico e de execución, redactado polo arquitecto D. José M. Carrillo Pena, colexiado nº.: 1.586.

Con data do 07/04/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite un informe favorable condicional, para que o promotor presente varias emendas, con relación ó proxecto inicial presentado.

Con data do 15/04/2016, con rexistro de entrada nº.: 16/717, de data do 16/04/2016, o promotor achega a subsanación de deficiencias, en base ao informe técnico de data do 07/04/2016.

Con data do 28/04/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emite o **informe favorable**, ao expediente de referencia.

Con data do 03/05/2016, emítese informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a seguinte documentación xustificativa:

- A solicitude da licenza municipal de obras
- O proxecto básico e execución, visado polo colexio profesional correspondente
- Acreditación da titularidade da parcela, segundo escritura notarial n.º: 1.027
- O pago da taxa municipal correspondente, por importe de 1.325,72 €
- A cesión obrigatoria de 120,00 m2, segundo o título de propiedade aportado
- O certificado de eficiencia enerxética de edificios, incluído no proxecto
- O impreso de estatística de edificación e vivenda
- O oficio da dirección facultativa da obras
- O informe técnico favorable, da arquitecta municipal, de data do 28/04/2016
- O informe xurídico, de data do 03/05/2016

Unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a “licenza municipal de obras” a Talleres González, SL, con CIF n.º: xxxxx, para a “demolición dunha edificación existente, cunha superficie construída de 1.354,36 m2”, sita no lugar de Camporrapado, na parroquia de Oural, emprazada sobre a parcela catastral 2195714NH5329N0001EZ, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e de acordo coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. N.º: do expediente municipal: 16/373
02. Promotor do expediente: Talleres González, S.L.
03. C.I.F. do promotor: xxxxx
04. Clasificación urbanística: Solo Urbano Consolidado. Zona 6 – Industrial / Comercial
05. Tipo de licenza: Demolición dunha edificación existente
06. Superficie construída a demoler: 1.354,36 m2
07. Situación e emprazamento: Camporrapado - Oural
08. Referencia catastral da parcela: 2195714NH5329N0001EZ
09. Técnico autor do proxecto: D. José M. Carrillo Pena. Arquitecto. Colex. n.º: 1.586

b.-) Condicións especiais:

10. As obras de demolición, serán executadas conforme ó anexo para a demolición da edificación existente na parcela, con número de visado 16000934,3 de data do 15/04/2016, con relación ás medidas de seguridade e saúde para os traballadores, e a xestión de residuos xerados
11. Durante o proceso de demolición, tomaranse todas as medidas de seguridade necesarias, a fin de evitar a produción de danos as edificacións, arborado e vías públicas próximas á edificación a demoler, no seu caso.

12. A realización das actuacións obxecto da concesión desta licenza, conleva a obriga de presentar a correspondente Declaración de Alteración Catastral (modelo 904-N), como así o establece o artigo 76, da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Segundo:

Conceder, a “licenza municipal de obras” a Talleres González, S.L., con CIF nº.: xxxxx, para a “construción dunha nave industrial, destinada a taller metálico e de reparación de vehículos, e maquinaria agrícola”, sita no lugar de Camporrapado, na parroquia de Oural, emprazada sobre a parcela catastral 2195714NH5329N0001EZ, salvo o dereito de propiedade, e sen prexuízo a terceiros, e de acordo coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

13. Nº.: do expediente municipal: 16/373
14. Promotor do expediente: Talleres González, S.L.
15. C.I.F. do promotor: xxxxx
16. Clasificación urbanística: Solo Urbano Consolidado. Zona 6 – Industrial / Comercial
17. Tipo de licenza: Construción dunha nave industrial, destinada a taller metálico e de reparación de vehículos, e maquinaria agrícola
18. Superficie construída: 1.104,29 m²
19. Edificabilidade: 0,47 m²/m²
20. Ocupación: 46,78 %
21. Alturas: PB = 11,00 m
22. Situación e emprazamento: Camporrapado - Oural
23. Referencia catastral da parcela: 2195714NH5329N0001EZ
24. Orzamento de execución material das obras: 154.802,00 €
25. Liquidación do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 2.941,24 €
26. Técnico autor do proxecto: D. José M. Carrillo Pena. Arquitecto. Colex. nº.: 1.586
27. Prazos de execución, para as obras de demolición e construción:
 - Para comezar as obras: **6 meses** (desde o recibo de notificación desta licenza)
 - Para terminar as obras: **3 anos** (desde o recibo de notificación desta licenza)

b.-) Condicións especiais:

28. Deberanse achegar os Oficios de dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde, antes do inicio das obras de demolición, e de construción.
29. As obras de construción, deberanse adaptar as recollidas no proxecto técnico básico e execución e anexos, que serviron de base para a tramitación deste expediente, con número de visado 16000934,1 de data do 23/02/2016; e 16000934,3 de data do 15/04/2016.
30. Deberase instalar o cartel de obra na parcela, cos seguintes datos como mínimo: *Tipo de obras; número de licenza; prazos de execución; promotor; director de obra; director de execución da obra, coordinador de seguridade e saúde, e empresa construtora*
31. No suposto da instalación dunha GRÚA, durante a execución das obras, esta deberá contar coas autorizacións previas necesarias, e seguros correspondentes

Terceiro:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais (ICIO), por importe de 2.941,24 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais

Pago da liquidación:

A liquidación, por importe de **2.941,24 €**, será ingresada na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: xxxxx - Abanca (Lestedo - Boqueixón)

Cuarto:

Notificar este acordo ó interesado

5. Baixa licenza de vao permanente

Na Xunta de Goberno que tivo lugar 22 de febreiro do 2012 acordouse conceder, a D. Manuel xxxxx, a licenza municipal para a instalación dunha placa de vao permanente e reserva de vía pública para a reserva de 17,50 metros lineais, entre os puntos quilométricos 0+0100 e 0+0275, na zona de influencia da vía municipal núm. 620, no lugar de Camporrapado, destinados á entrada e estacionamento de vehículos en aparcadoiro exclusivo, que se emprazan a carón da súa vivenda unifamiliar e negocio de perruquería existente e comunicóuselle ao interesado que deberá aboar anualmente a correspondente taxa, en aplicación da Ordenanza Fiscal Reguladora a través das beirarrúas, e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo

O 25 de abril do 2016 co número de entrada 16/754 don Manuel xxxxx solicita a súa baixa no recibo da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas (vados), expediente 12/02, co número de placa 120222/01 como reserva de prazas, polo non uso do dito vao.

O artigo 6.2 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, sinala que *“A taxa devéngase o 1 de xaneiro de cada ano e as cotas serán irreducibles, agás nos casos de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local no que a data de solicitude non coincida co ano natural, prorratearse por semestres a partir da aprobación da solicitude pola Comisión de Goberno”*.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Dar de **baixa a licenza municipal** para a instalación dunha placa de vao permanente e reserva de vía pública para a reserva de 17,50 metros lineais, entre os puntos quilométricos 0+0100 e 0+0275, na zona de influencia da vía municipal núm. 620, no lugar de Camporrapado, destinados á entrada e estacionamento de vehículos en aparcadoiro exclusivo, que se emprazan a carón da vivenda unifamiliar de don Manuel xxxxx e dar de **baixa, así mesmo a correspondente taxa** en aplicación da Ordenanza Fiscal Reguladora a través das beirarrúas, e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, **con data 1 de xaneiro do 2017**.

2. Dar conta deste acordo ó interesado.

6. Alta no servizo de abastecemento e saneamento

A) Alta en Abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento de auga, inclúese como beneficiario do servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmoible	Taxa	Importe Instalación contador
Eugenia XXXXX	XXXXX	XXXXX Vilar, s/n. – Lestedo - 15881 Boqueixón	54,86 €	96,51 €

Polo que, a Xunta de Gobernoacorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Abastecemento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente, así como o importe pola conexión á rede, que se rexerán pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida é para vivenda.

A dita taxa de abastecemento foi aboada no seu momento pola promotora da construción.

2.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente.

B) Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúese como beneficiario de dito servizo ó usuario que se relaciona a continuación:

Nome	DNI	Enderezo inmoible	Taxa
Eugenia XXXXX	XXXXX	XXXXX Vilar, s/n. – Lestedo - 15881 Boqueixón	54,86 €

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1º- Dar de alta no Servizo de Saneamento ó usuario que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida é para vivenda.

A dita taxa de saneamento foi aboada no seu momento pola promotora da construción.

2.- Notificar este acordo ó beneficiario citado anteriormente.

7.Adxudicación do xantar “Encontro de Maiores 2016”

Na Xunta de Goberno do día 7 de abril de 2016, acordouse solicitar presupostos a 3 empresas para a realización do xantar que tódolos anos organiza o concello con ocasión do Encontro de Maiores. O xantar terá lugar o día 4 de xuño no pavillón do Forte.

O prezo máximo de licitación é de 23 euros por asistente (IVE incluído), e estímase que asistan arredor de 300 persoas.

As 3 empresas ás que se lle solicitou o presuposto, foron : Congelados Veloso, SL, Restaurante A Magdalena e Restaurante Casa Taboada. O prazo para a presentación das ofertas era de 5 días hábiles, a partires do seguinte ó que se reciba a invitación.

O día 25 de abril, ten entrada no rexistro municipal a oferta presentada pola empresa Casa Taboada SC.

O día 28 de abril, ten entrada no rexistro municipal a oferta enviada por correo electrónico pola empresa Congelados Veloso,SL

Respecto da proposta enviada por Congelados Veloso, SL, cumpre dicir que foi enviado fora de prazo, (o prazo remataba o día 26 de abril, posto que recibiu a invitación o día 20) e por correo electrónico ó enderezo da responsable de Cultura. O prezo que oferta é de 19,80 euros/persoa (IVE incluído).

O órgano de contratación, abre o sobre da proposta económica presentada por Casa Taboada SC e que é de 20,50 € + 10% IVE= 22,55 €/persoa.

Polo tanto, para adxudicar o contrato do xantar de maiores a Xunta de Goberno acorda:

-Rexeitar a proposta económica presentada por Congelados Veloso, SL por estar presentada fóra de prazo.

-Adxudicar o contrato do xantar de maiores a Casa Taboada SL.

8.Inicio contratación obras 2016

No Pleno ordinario realizado o día 10 de decembro de 2015 aprobáronse os proxectos das obras que se inclúen no Plan POS 2016 denominadas, “Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros” por importe de 53.577,01 euros e “Camiño monte da cima da Alboya (Lamas) e outros” por importe de 53.475,25 euros.

Posteriormente, no Pleno do día 9 de marzo de 2016, foi aprobada a modificación do proxecto “Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros” debido a que Patrimonio non aprobou unha das obras que se pretendía realizar dentro deste proxecto e tivo que ser substituída por outra, sin que isto repercutira no importe total do proxecto.

O día 7 de abril, a Deputación Provincial comunica por via telemática a circular sobre o POS 2016, na que se mostra toda a información relativa á contratación e xustificación da obra e do importe que se financia, que coincide cos totais das obras.

Todos os trámites que se teñan que levar a cabo para a xestión deste plan, realizaranse de xeito telemático. En canto á adxudicación das obras, as bases reguladoras din que os concellos poderán adxudicalas ata o día 1 de outubro, e que deberán estar rematadas o 1 de novembro de 2017.

Os pregos para a contratación das obras serán os publicados pola Deputación da Coruña, que foron asumidos polo concello no Pleno realizado o día 9 de marzo de 2016. Posteriormente, a Deputación realizou unha modificación nos pregos do procedemento negociado, que foron publicados integramente no BOP publicado o día 6 de abril de 2016.

No expediente atópase o correspondente informe xurídico.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1 Iniciar os trámites necesarios para a contratación das obras polo procedemento negociado sin publicidade. Os pregos que rexerán esta contratación son os publicados na páxina web da Deputación e publicados no BOP do día 6 de abril de 2016.

2 Aprobar os cadros de características das obras, así como os criterios de valoración que rexerán a contratación:

2.1- Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros.

Anexo I – Cadro de características

1. PROXECTO	Camiño monte cima da Alboya (Lamas) e outros		
2. CODIFICACIÓN	A. Clasificación de produtos por actividades (CPA-2009)		
	B. Vocabulario común de contratos (CPV)	45223000	
3. ORZAMENTO	A) Obras anuais Base imponible.... 44.194,42 Importe IVE 9.280,83 Total53.475,25	53.475,25 Euros (IVE ENGADIDO)	
	B) Obras Plurianuais Base imponible Importe IVE Total	Exercicio Orzamentario Importe (IVE ENGADIDO) 201... 201....	
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible:44.194,42 10% (modificación de proxecto):4.419,44 10% (certificación final):4.419,44 Total53.033,3		
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	153.600.00 – Orzamento 2016		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	6 meses		
7. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	Grupo G	subgrupo 6	categoría 1
8. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	<input type="checkbox"/> 1.- Rexistro Xeral do Concello de Boqueixón con domicilio en Forte s/n - Boqueixón <input type="checkbox"/> 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de correos: Domicilio da entidade contratante: Concello de Boqueixón – Forte s/n – 15881 Boqueixón Nº de FAX da entidade contratante: 981 513 000 Correo electrónico da entidade contratante: contratacion@boqueixon.es		
9. PRAZO DE	15 días contados desde o día seguinte á publicación do anuncio de		

PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	licitación no perfil do contratante – www.boqueixon.es En horario de Rexistro do concello (8 a 15 horas) e no caso de presentalo por correo dentro do horario da oficina correspondente.
10. PORCENTAXE SUBCONTRATACION% do prezo de adxudicación
11. COMPROMISO DE CONTRATAR A TRABALLADORES DESEMPREGADOS	X NON SE ESIXE <input type="checkbox"/> SI SE ESIXE N° DE TRABALLADORES _____
12. MODALIDADE DE CONSULTA	<input type="checkbox"/> A2.- Publicar un anuncio no Perfil de contratante www.boqueixon.es .
13. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adxudicación IVE excluído
13.BIS. TAXAS DO CONTRATO	
14. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais: NON PROCEDE
15. CONTROL DE CALIDADE	Ver a cláusula 29
16. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	

17. OUTROS DATOS:

17.1. INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: www.boqueixon.es

TELÉFONO: 981 513 061

CORREO ELECTRÓNICO contratacion@boqueixon.es

CARTEL DE OBRA <https://www.dacoruna.gal/plans/modelos-de-carteis-de-obras/>

17.2. ÓRGANO ENCARGADO DA NEGOCIACIÓN:

D. Julio C. Rojo Martínez- Técnico Redactor do Proxecto

Dª Adela Lamela Arteaga – Responsable de Contratación

D. Juan M. Corral Sánchez – Coordinador de Obras e Servizos

18. DATOS DA FACTURA

18.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL: Concello de Boqueixón

CIF P1501200H
CÓDIGO L01150124

18.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR: Xunta de Goberno Local
CÓDIGO L01150124

18.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE Secretaría – Intervención

CÓDIGO L01150124

18.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA Secretaría – Intervención

CÓDIGO L01150124

18.5.- CÓDIGO DE PROXECTO 16.2100.0029.0

19. LUGAR ONDE SE PODEN OBTENER COPIAS DO PROXECTO E PREGO: Perfil do contratista da páxina web www.boqueixon.es

20. Páxina web onde consultar o modelo de cartel que se colocará na obra e que será por conta do adxudicatario:

<https://www.dacoruna.gal/plans/modelos-de-carteis-de-obras/>

2.2- Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros

Anexo I – Cadro de Características

1. PROXECTO	Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros		
2. CODIFICACIÓN	A. Clasificación de produtos por actividades (CPA-2009)		
	B. Vocabulario común de contratos (CPV)	45223000	
3. ORZAMENTO	A) Obras anuais Base imponible.... 44.278,52 Importe IVE 9.298,49 Total53.577,01	53.577,01 Euros (IVE ENGADIDO)	
	B) Obras Plurianuais Base imponible Importe IVE Total	Eercicio Orzamentario Importe (IVE ENGADIDO) 201... 201....	
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible:44.278,52 10% (modificación de proxecto):4.427,852 10% (certificación final):4.427,852 Total53.133,85		
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	153.600.01 – Orzamento 2016		
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	6 meses		
7. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE	Grupo ___G_____	subgrupo _____6_____	categoría _____1_____

ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	
8. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	<input type="checkbox"/> 1.- Rexistro Xeral do Concello de Boqueixon con domicilio en Forte s/n - Boqueixón <input type="checkbox"/> 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de correos: Domicilio da entidade contratante: Concello de Boqueixón – Forte s/n – 15881 Boqueixón Nº de FAX da entidade contratante: 981 513 000 Correo electrónico da entidade contratante: contratacion@boqueixon.es
9. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	15 días contados desde o día seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante – www.boqueixon.es En horario de Rexistro do concello (9 a 14 horas) e no caso de presentalo por correo dentro do horario da oficina correspondente.
10. PORCENTAXE SUBCONTRATACION% do prezo de adjudicación
11. COMPROMISO DE CONTRATAR A TRABALLADORES DESEMPREGADOS	X NON SE ESIXE <input type="checkbox"/> SI SE ESIXE Nº DE TRABALLADORES _____
12. MODALIDADE DE CONSULTA	<input type="checkbox"/> A2.- Publicar un anuncio no Perfil de contratante www.boqueixon.es
13. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adjudicación IVE excluído
13.BIS. TAXAS DO CONTRATO	
14. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais: NON PROCEDE
15. CONTROL DE CALIDADE	Ver a cláusula 29
16. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	

17. OUTROS DATOS:

17.1. INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE: www.boqueixon.es

TELÉFONO:981 513 061

CORREO ELECTRÓNICO contratacion@boqueixon.es

CARTEL DE OBRA <https://www.dacoruna.gal/plans/modelos-de-carteis-de-obras/>

17.2. ÓRGANO ENCARGADO DA NEGOCIACIÓN:

D. Julio C. Rojo Martínez- Técnico Redactor do Proxecto
DªAdela Lamela Arteaga – Responsable de Contratación
D. Juan M.Corrál Sánchez –Coordinador de Obras e Servizos

18. DATOS DA FACTURA

18.1. IDENTIFICACIÓN DO DESTINATARIO. ENTIDADE LOCAL: Concello de Boqueixón

CIF P1501200H
CÓDIGO L01150124

18.2.- ÓRGANO DECISORIO/XESTOR: Xunta de Goberno Local
CÓDIGO L01150124

18.3.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE CONTABLE Secretaría – Intervención

CÓDIGO L01150124

18.4.- IDENTIFICACIÓN UNIDADE TRAMITADORA Secretaría – Intervención
CÓDIGO L01150124

18.5.- CÓDIGO DE PROXECTO 16.2100.0029.0

19. LUGAR ONDE SE PODEN OBTENIR COPIAS DO PROXECTO E PREGO: Perfil do contratista da páxina web www.boqueixon.es

20. Páxina web onde consultar o modelo de cartel que se colocará na obra e que será por conta do adxudicatario:

<https://www.dacoruna.gal/plans/modelos-de-carteis-de-obras/>

ANEXO V:

V.I. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

A) Programa de traballo (cláusula 15):

Valorarase de 0 a 15 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten un programa de traballo específico e totalmente adaptado á obra	Ata 15 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo específico e adaptado á obra	Ata 10 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo xenérico e parcialmente adaptado	Ata 6 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo insuficiente	Ata 4 puntos
Ofertas que presenten un programa de traballo non adaptado e incompleto	0 Puntos

B) Actuación ambiental (cláusula 15):

Valorarase de 0 a 9 puntos conforme á seguinte desagregación (expresado en dous decimais)

Ofertas que presenten unha actuación ambiental específica e adaptada á obra	Ata 9 puntos
---	--------------

Ofertas que presenten unha actuación ambiental xenérica e parcialmente adaptada	Ata 6 puntos
